CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Abril 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de abril de 2017**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

ABRIL 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Abril 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	300.782	39,6%	578.137	51,4%	1,92	8,4%	43,56%	14,06
PENSIÓNS	75.119	14,1%	115.324	16,0%	1,54	1,6%	19,82%	2,13
ESTAB. HOTELEIROS	**375.901**	**33,6%**	**693.461**	**44,1%**	**1,84**	**7,8%**	**36,27%**	**10,36**
APTOS. TURÍSTICOS	12.618	90,4%	33.945	97,8%	2,69	3,9%	25,50%	12,79
CÁMPINGS	6.222	136,3%	15.739	111,8%	2,53	-10,4%	11,25%	0,87
TURISMO RURAL	20.240	79,4%	38.702	145,8%	1,91	37,0%	20,37%	12,34
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**39.080**	**90,2%**	**88.386**	**119,1%**	**2,26**	**15,2%**	**-**	**-**
TOTAL	**414.981**	**37,5%**	**781.847**	**49,9%**	**1,88**	**9,0%**	**-**	**-**

- No pasado mes de abril Galicia rexistra un incremento do volume de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados da comunidade, do 37,5%, ata situarse en preto de 415 mil. Sobe tamén o volume de pernoctacións nunha porcentaxe importante, do 49,9%, acadando neste caso algo máis de 780 mil no conxunto de Galicia.
- Este forte incremento da demanda prodúcese en grande medida polo efecto positivo do calendario e particularmente pola celebración da Semana Santa, que este ano celebrouse plenamente no mes de abril mentres que en 2016 coincidiu en marzo. A comparación directa ten, por tanto, un claro nesgo positivo. En calquera caso, descontando este efecto, obsérvase que parte do crecemento débese ao contexto positivo actual. Por exemplo, tomando en consideración os meses de marzo e abril en conxunto –anulando así o efecto da Semana Santa- obsérvase que o volume global de demanda turística mellora nun 13,7%.
- O incremento da demanda deste mes contraponse á caída observada o pasado ano –cando a demanda descendera un 11,0% tamén polo efecto negativo do calendario-. En xeral, a serie temporal do mes de abril adoece deste nesgo. En calquera caso, a evolución dos últimos anos coloca as cifras deste ano en máximos históricos tanto de viaxeiros aloxados coma de pernoctacións.
- Se tomamos novamente en consideración o segundo bimestre –meses de marzo e abril en conxunto- obsérvase que a demanda turística regrada vén crecendo de forma consecutiva nos

últimos catro anos –un 3,6% en 2014, un 11,4% en 2015, un 5,4% en 2016 e un 13,7% agora en 2017-. Tal circunstancia permite acadar un máximo histórico de demanda neste período con algo máis de 1,2 millóns de pernoctacións.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Abril 2005-17



- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante ao comentado anteriormente. O incremento de abril deste ano contraponse á caída de 2016 que á súa vez vén precedida por dous anos de crecemento, mais todo isto co nesgo do calendario. O conxunto do segundo bimestre amosa unha tendencia positiva nestes últimos catro anos provocando que Galicia acade un máximo histórico neste período de dous meses con preto de 650 mil viaxeiros no conxunto da comunidade.
- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na xeración de pouco máis de 113 mil novos viaxeiros aloxados e de 260 mil noites en relación ao mes de abril de 2016.
- A nivel estatal obsérvase igualmente unha mellora da cifra de viaxeiros aloxados –do 23,9%- así como do volume de noites –que sobe neste caso un 24,4%-.
- Obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo da demanda a nivel das comunidades autónomas neste cuarto mes do ano. Son os destinos do norte peninsular os que presentan os incrementos máis intensos e destacados. Lidera o ranking Asturias que consegue superar nun 93,5% o volume de pernoctacións de abril de 2016. Seguen en orde de importancia Aragón, Cantabria, A Rioxa e Navarra, todas con crecementos por encima do 50% interanual.
- As restantes comunidades amosan tamén incrementos importantes e variables colocándose neste caso os destinos insulares –Baleares e Canarias- como os máis moderados, con subas menos intensas en termos comparativos.
- Do lado dos viaxeiros aloxados a dinámica é semellante observándose crecementos notables en todas as comunidades autónomas. Son Cantabria e Asturias as dúas que presentan maior intensidade na variación interanual –con subas por encima do 60%-.

- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste cuarto mes do ano a oitava posición representando o 2,1% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con algo máis de 8,5 millóns de pernoctacións no mes de abril –o 23,1% do total-. Sitúanse a continuación Cataluña –con preto de 6,5 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con case 6,1 millóns- e a C. Valenciana –con preto de 4,1 millóns neste caso-. Nun segundo grupo localízanse Baleares –con 3,4 millóns- e Madrid –con preto de 2,5 millóns-. Só estas seis comunidades agrupan ao 84% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.
- En abril o 88,7% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 73,9%- como ás pensións –co 14,8% neste caso-. O 11,3% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,3% da demanda total- aos cámpings –co 2,0%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 5,0% neste caso-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Abril 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Tres de cada catro pernoctacións prodúcense xustamente nesta tipoloxía –coma no primeiro trimestre-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con variacións de diversa intensidade mais todas positivas. No ámbito hoteleiro o incremento da demanda é do 44% -auspiciado por unha suba da cifra de viaxeiros aloxados do 34%-, porcentaxe que ascende ao 51% no caso dos hoteis. As pensións amosan un comportamento máis modesto, con subas do 16% neste caso –e do 14% no que respecta ao volume de viaxeiros aloxados-.
- No ámbito extrahoteleiro supéranse en máis do dobre as cifras de abril de 2016 –tanto no que atinxe á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de pernoctacións-, circunstancia que afecta ademais ás tres tipoloxías consideradas. A dinámica positiva é, por tanto, transversal a todas as modalidades.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Abril 2017/16, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de algo máis de 212 mil noites no segmento hoteleiro e de 48 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de abril do pasado ano. O comportamento positivo é, por tanto, homoxéneo e vén afectado en grande medida polo efecto do calendario comentado anteriormente.
- Este contexto positivo obsérvase tamén dentro do ámbito hoteleiro onde os niveis de demanda soben e melloran en todas as categorías se ben con diversa intensidade. Do lado dos hoteis os incrementos son elevados en todos os segmentos destacando en todo caso aqueles de menor categoría –hoteis dunha estrela- onde se superan en máis dun 60% os niveis de abril de 2016. En todos os casos o crecemento da demanda vén auspiciado en boa medida pola mellora da cifra de viaxeiros aloxados acompañada de leves incrementos da estadía media.
- Do lado das pensións o comportamento é tamén positivo pero menos intenso en comparación cos hoteis. Sobe a demanda un 13% naquelas de tres e dúas estrelas e un 20% nas de unha estrela.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Abril 2017



- Neste mes de abril o 77% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 23% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e son practicamente equivalentes á estrutura observada en termos de viaxeiros – neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 73% mentres que o internacional representa o 27%-. Esta distribución difire da observada no primeiro trimestre do ano cando o turismo estranxeiro representaba preto do 18% e amosa, por tanto, os inicios da temporada media na que este segmento gaña peso relativo na estrutura da demanda total.

- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo neste mes de abril, con incremento de notable intensidade. O turismo nacional sobe un 58,7% como consecuencia esencialmente dunha mellora da cifra de viaxeiros aloxados, do 43% neste caso. Este crecemento, provocado en grande medida polo efecto do calendario, contraponse á caída rexistrada no pasado ano e sitúa os niveis levemente por encima dos 300 mil viaxeiros aloxados e das 600 mil noites –datos que supoñen un máximo histórico deste segmento de mercado no mes de abril-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Abril 2017/16



- O turismo internacional presenta igualmente resultados positivos incrementando nun 23,8% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 26,3% o nivel de pernoctacións de abril de 2016. Neste caso son catro anos consecutivos de incremento do turismo internacional en Galicia neste cuarto mes do ano –do 14,4% en 2014, do 14,7% en 2015, do 7,7% en 2016 e do 26,3% agora en 2017-, circunstancia que coloca os niveis deste ano en algo máis de 110 mil viaxeiros e en case 180 mil noites –datos que supoñen igualmente máximos históricos deste segmento no cuarto mes do ano-.

- En termos relativos o turismo internacional representa neste mes de abril o 26,8% do total de viaxeiros aloxados e o 23,0% das pernoctacións, cifras importantes que superan ás rexistradas en meses anteriores e confirman unha das características propias da temporada media.

- O comportamento dos dous segmentos de mercado reprodúcese, con diversa mais notable intensidade, nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento. Así a demanda nacional sobe tanto no segmento hoteleiro coma no extrahoteleiro, en porcentaxes elevadas –un 52% no primeiro e en máis do dobre no segundo-. O turismo internacional mellora en cambio en ambas tipoloxías –un 23,7% no segmento hoteleiro e un 60,4% no extrahoteleiro-. Esta última porcentaxe non é moi representativa pois atinxe a un volume moi baixo de pernoctacións internacionais nos tres establecementos considerados: apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural. En concreto, pouco máis de 16 mil neste mes.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,88 noites, cifra que supera nun 9,0% o dato do pasado ano. Este incremento contrasta coas caídas rexistradas nos últimos cinco anos, de forma variable, o que permite romper a tendencia negativa e situar o nivel en case 1,9 noites no mes de abril. A pesar diso a cifra dista moito dos valores que tradicionalmente se rexistraban neste cuarto mes do ano, con valores por encima de 2,1 noites de 2009 a 2011 por exemplo.
- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con 2,7 e 2,5 noites de media respectivamente neste mes de abril. As restantes tres tipoloxías rexistran un valor inferior ás dúas noites de media sendo de 1,9 nos hoteis e nos establecementos de turismo rural e de 1,5 nas pensións.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Abril 2017



- A estadía media sobe en practicamente todas as tipoloxías agás no caso dos cámpings, modalidade na que cae un 10% en relación ao pasado ano. O incremento máis notable prodúcese nos establecementos de turismo rural –auspiciado en grande medida polo efecto positivo da Semana Santa- pois supera nun 37% o dato do pasado ano –cando rexistraba unha media de 1,4 noites-.
- A pesar da mellora a estadía media en Galicia -xunto coa rexistrada en Castela e León- é a máis baixa do conxunto do Estado onde novamente Canarias –cunha media de 6,9 noites- rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 5,2 noites sitúase a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana –que rexistra un promedio de 3,8 noites- e Murcia –que rexistra unha media de 3,0 noites neste caso-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Abril 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase un comportamento semellante ao comentado do lado da demanda aínda que con algunha pequena diferenza. A ocupación mellora en todas as tipoloxías pero de forma destacada nos hoteis, nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural –onde se superan en máis de dez puntos os niveis de abril do pasado ano-. No caso dos hoteis, por exemplo, o incremento sitúase nos 14 puntos porcentuais.
- Nas pensións e nos cámpings a mellora é máis suave, menos intensa –de dous puntos nas primeiras e de apenas un punto nestes últimos-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 43,6% de media neste mes. Os apartamentos turísticos acadan tamén unha cifra importante cun 25,5% neste caso.
- No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings cunha ocupación media do 11,2% neste cuarto mes do ano.